



DATOS IDENTIFICATIVOS

Deseño de Portfolio

Materia	Deseño de Portfolio			
Código	P01M171V01401			
Titulación	Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Dopico Rodríguez, Patricia			
Profesorado	Dopico Castro, Marcos Dopico Rodríguez, Patricia			
Correo-e	pdopico@uvigo.es			

Web

Descrición xeral Esta materia de creación de portfolio está orientada a afianzar os contidos teóricos e prácticos referidos ás regras, principios e elementos de deseño gráfico que se desenvolven dentro do terreo da moda. O obxectivo final desta asignatura é guiar ao alumnado no deseño e creación de portfolio de proxectos e aplicacións relacionadas (lookbook, deseño e xestión de marca persoal, cv, portfolio). Incidirase no dominio avanzado das ferramentas dixitais profesionais e no manexo de programas e recursos alternativos e de apoio para a edición gráfica e o deseño de produtos editoriais tanto impresos como dixitais.

Afianzaranse os principios conceptuais sobre os que se apoia o desenvolvemento básico do portfolio e aplicacións, insistirase na relación directa e recíproca de teoría e práctica, e esixirase a todos os materiais un acabado de produto final con calidades óptimas de produción, impresión, encuadernado, manipulados, etc... así como ás aplicacións dixitais xeradas.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Coñocer o vocabulario e os fundamentos conceptuais do deseño de moda
B2	Coñecer o medio do deseño de moda no contexto cultural contemporáneo dende as ciencias humanas e sociais, baixo unha perspectiva histórica e crítica
B3	Capacidade para comprender en profundidade el contexto social y cultural en que tendrá lugar la práctica artística o profesional
B4	Capacidade para aplicar os coñecementos e habilidades adquiridas e resolver problemas nun entorno interdisciplinar do deseño de moda
B8	Capacidade de adaptación aos cambios tecnolóxicos e de adopción de recursos novedosos no ámbito do deseño de moda
B9	Capacidade de desenvolver unha gramática visual clara e innovadora

B10	Capacidade de aprendizaxe, curiosidade e iniciativa para a adquisición de novos coñecementos e habilidades
C2	Ser capaz de identificar problemas que se poidan resolver mediante o deseño, plantexalos como problema de deseño, propor un concepto e decidir criterios de formalización, elixindo os materiais a cada caso.
C3	Ser capaz de comprender e comunicar visualmente a información, dominar as técnicas de exposición gráfica de proxectos de deseño
C4	Capacidade de aplicar sistemas de representación gráfica usados no deseño de moda
D1	Capacidade para a comunicación oral e escrita, tanto na propia lingua como en outras
D2	Capacidade de análise, organización e planificación
D3	Capacidade de liderazgo, iniciativa e espírito emprendedor
D4	Capacidade de razoamento crítico e autocrítico
D5	Capacidade para a análise e a resolución de problemas, de adaptación a novas situacións e de toma de decisións de xeito creativo e innovador
D10	Capacidade de comunicación necesaria para establecer redes de contactos nacionais e internacionais
D12	Capacidade de comprensión e desenvolvemento dos aspectos de usabilidade, accesibilidade e deseño para todos

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Que o estudiantado sexa capaz de dominar o uso dos soportes materiais de impresión con calidade óptima de produción, técnicas de impresión dixital, formatos de encuadernación e manipulado dentro dun proxecto de deseño de portfolio de moda.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 B10 C3 D1 D2 D3 D4 D5 D12
Que o estudiantado sexa capaz de crear aplicacións interactivas / audiovisuais como recursos complementarios a un proxecto de deseño de portfolio de moda.	A1 A4 A5 B8 B9 B10 C2 C3 C4 D10 D12
Que o estudiantado coñeza as correntes estéticas e conceptuais do deseño gráfico contemporáneo.	A1 B9 C2 C3
Que o estudiantado domine conceptos propios do deseño gráfico editorial como a composición, tipografía e maquetación, dentro dun proxecto de deseño de portfolio de moda.	B9 C3 C4
Que o estudiantado desenvolva unha linguaxe gráfica propia relacionada co seu proxecto de deseño de moda.	A1 A4 A5 B9 C3 C4 D3 D10

Contidos

Tema

Boque 1: Imaxe e identidade gráfica no contexto da moda	<p>Imaxe gráfica no contexto da moda. Identidade visual e de marca, sistemas gráficos, aplicacións e soportes (analóxicos, dixitais, web, RRSS...)</p> <p>Fundamentos de tipografía: Layout compositivos e normas de aplicación básicas.</p> <p>Traballo de maquetación e debuxo vectorial: Maquetación de texto, columnas, formatos de páxina, ilustración e debuxo vectorial.</p>
Bloque 2: Composición gráfica e sistemas reticulares	Reticulas compositivas: Fundamentos de composición, maquetación e ordenación de elementos gráficos a través de retículas. Aplicación da retícula en formatos editoriais. Relación texto, imaxe e ilustración en formatos editoriais.
Bloque 3: Elementos e procedementos básicos de maquetación	Traballo de maquetación editorial con InDesign.
Bloque 4: Producción gráfica e dixital	Concepto e aplicacións básicas dun «portfolio de moda» (tamaños, formatos, materiais, papeles, tipos de encuadernación...)
Módulo 5: Edición de arquivos pdf	Producción dixital. Ficha informe de produción. Preparación e optimización de arquivos para imprenta dixital. Visita a imprenta dixital. Packaging e sistemas de encuadernación para portfolios de moda.
Módulo 6: Taller de creación de portfolio	Edición de formatos pdf con Acrobat Pro. Arquivos pdf para soporte pantalla e soporte impresión dixital.
	Taller de creación de portfolio e aplicacións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	15	0	15
Presentación	17	0	17
Resolución de problemas de forma autónoma	4	68	72
Saídas de estudo	0	2	2
Lección maxistral	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Análise dun problema ou caso real, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, diagnosticalo e adentrarse en procedementos alternativos de solución, para ver a aplicación dos conceptos teóricos na realidade.
Presentación	Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno debe desenvolver de xeito autónomo a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios
Saídas de estudo	Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto profesional nun espazo externo.
Lección maxistral	Exposición dos principais contidos teóricos da materia coa axuda de medios audiovisuais

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Plantexaranse exercicios de resolución formal e conceptual para asentar os coñecementos das sesións maxistras. As correccións faranse dentro das horas de docencia presencial.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado resolverá de xeito autónomo os exercicios plantexados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Análise dun problema ou caso real, para interpretalo e xerar unha solución como forma de aplicar os conceptos teóricos na realidade.	20	A2 A5	B8 B10	C2 C4	D12
Presentación	Presentación e adecuación da resolución de exercicios aos requerimentos dos mesmos e os plantexamentos teóricos da materia.	40	A1 A4	B8 B9 B10	C3 C4	D3 D10 D12

Resolución de problemas de forma autónoma	Plantexarase a entrega de proxectos realizados de xeito autónomo	40	A1 A4 A5	B8 B9 B10	C3 C4	D3 D10 D12
---	--	----	----------------	-----------------	----------	------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

Convocatoria ordinaria

A avaliación da convocatoria ordinaria será continua e implicará a entrega de aplicacións para a gráfica de marca, cv, lookbook e porfolio.

Avaliación global Aquelas persoas que se acollan á modalidade de avaliación global deberán presentar en datas oficiais de exames os mesmos traballos solicitados dentro da modalidade de avaliación continua. A data comunicarse en cronograma da asignatura ao comezo do cuadrimestre.

A cualificación neste caso corresponderase coa metodoloxía de "resolución de problemas de forma autónoma", con cualificación de 100% .

O estudantado que opte pola modalidade de avaliación global deberá comunicarllo por escrito ao responsable da materia no prazo máximo dun mes dende o inicio da docencia da materia e suporá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas polo método de avaliación continua.

Convocatoria extraordinaria As avaliacións das convocatorias extraordinarias implicarán a entrega dos mesmos materiais.

Data oficial de convocatoria extraordinaria. 7 de xullo de 2025 ás 12:30 h

Consultar en: <https://deseno.uvigo.gal/horarios-calendarios-e-avaliacions/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Hess, Jay, **Diseño gráfico para moda**, Acanto, 2010

Williams, Robin, **Diseño gráfico : principios y tipografía**, Anaya Multimedia, 2015

Koren, Leonard, **Diseño gráfico : recetario : propuestas, combinaciones y soluciones a sus layouts**, Gustavo Gili, 1002

VVAA, **Identidad corporativa: del brief a la solución final**, Gustavo Gili, 2006

Müller-Brockmann, Josef, **Sistemas de retículas : un manual para diseñadores gráficos**, Gustavo Gili, 2012

Bibliografía Complementaria

Caldwell, Cath: Zappaterra, Yolanda, **Editorial Design. Digital and Print**, Laurence King, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Máster/P01M171V01403

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fotografía de Moda/P01M171V01205

Ilustración de Moda/P01M171V01104

Diseño Gráfico para Moda/P01M171V01302

A Moda: Contorna Profesional/P01M171V01304

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Diseño e Contorna Dixital/P01M171V01203

Diseño Gráfico para Moda/P01M171V01302